




Calendario 2020



proxecto
ríos

15 anos de Proxecto Ríos

A group of seven people, including men and women of various ages, are standing on a wooden bridge or walkway over a river. They are all looking down at a large map or document that one of them is holding. The background shows a lush, green riverbank with trees and foliage. The scene is brightly lit, suggesting a sunny day.

Tres lustros pasan voando. Son xa 15 anos os que leva fluíndo o Proxecto Ríos por Galiza e moitas son as cousas que se teñen realizado neste tempo: saídas formativas, cursos de formación, roteiros, encontros de voluntariado, materiais editados, etc...

Adicamos logo as imaxes do *CalendaRío* a facer un percorrido por aquelas actividades máis destacadas que durante este período de tempo se realizaron ao longo do país.

Presentamos no *CalendaRío* de 2020 algunhas das actividades programadas dende o Proxecto Ríos ás que se irán engadindo novas propostas. Como é costume, recibiredes mensualmente o Gardarríos coas novas destacadas do Proxecto Ríos, así como doutras entidades.

Visitade a páxina web, o Facebook e o Instagram do proxecto para informarvos polo miúdo das actividades, saídas, crónicas, etc. Como todos os anos o *CalendaRío* 2020 está aberto ás vosas propostas e suxestións xa que esta é unha iniciativa que conta coa participación de todas.

Animádevos a participar en calquera das actividades que vos presentamos ou escollede un treito de río preto da casa, do lugar de traballo, do centro de ensino e estudádeo seguindo a metodoloxía do Proxecto Ríos. Vémonos nos ríos.

15 anos de Proxecto Ríos



Saídas formativas: realizamos ao redor de 600 saídas ao longo destes anos. Centos de grupos acompañados na súa primeira saída ao río para aprenderlles a metodoloxía do Proxecto Ríos ou cos que repetimos anualmente para analizar a saúde do seu río.



Cursos de formación: 30 cursos de formación realizamos nestes 15 anos na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con coa finalidade de coñecer o mundo que agochan os nosos cursos fluviais. Cursos que na campaña de primavera e outono adicamos a diferentes temáticas.



Encontros de voluntariado: Un por cada ano desta quincena, onde o obxectivo é “achegar ríos e persoas” pero tamén o é que as persoas participantes do Proxecto Ríos se coñezan entre si e compartan unha xornada á beira dun río.



Roteirríos: Ríos de patrimonio, de montaña, da Rede Natura, etc. Moitas foron as temáticas escollidas e ducias os ecosistemas fluviais de toda Galiza que coñecemos ao longo deste tempo.



Limpezas de río: Dende 2007 máis de dez mil persoas téñense “Mollado polo ríos”, sempre a última fin de semana de setembro. Centos de colectivos sumáronse a esta iniciativa de voluntariado ambiental, unha das máis numerosas e con maior impacto a día de hoxe no país.



Custodia fluvial: Unha das accións promovidas durante estes quince anos foron as actividades de conservación directas no medio fluvial. A través da custodia fluvial os grupos participantes poden desenvolver diferentes proxectos.



Saídas formativas. Río Miño, 2003

xaneiro

l	m	mé	x	v	s	d
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Elaboración Informe Anual do PR

febreiro

l	m	mé	x	v	s	d
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	

2 Día mundial dos humidais



marzo

l	m	mé	x	v	s	d
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

11 Formación do Profesorado LIFE INVASAQUA
 14 Día internacional dos ríos
 22 Día da auga



abril

l	m	mé	x	v	s	d
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

15 Inicio da campaña de primavera
 22 Día da Terra
 25 Curso de formación de primavera
 do Proxecto Ríos



Encontro de voluntariado. Festa do 10º aniversário, rio Tambre, 2014

maio

l	m	mé	x	v	s	d
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Saídas formativas

7 ao 10 Conferencia LIFE INVASAQUA. Lisboa

16 Dia Mundial dos Peixes Migradores

22 Dia Mundial da biodiversidade

junho

l	m	mé	x	v	s	d
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

5 Día do medio ambiente

8 Día dos océanos

15 ao 18 Cuarto encontro Living River. Romania



proxecto
ríos



xullo

l	m	mé	x	v	s	d
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

18 Encontro de Voluntariado do Proxecto Ríos



agosto

l	m	mé	x	v	s	d
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Goza dos nosos ríos



Limpeza simultânea. Río Lagares, 2009

setembro

l	m	mé	x	v	s	d
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

15 Inicio da campaña de outono.
Presentación Informe Anual 2019

26 Curso de formación de outono

27 Limpeza simultánea de ríos

outubro

l	m	mé	x	v	s	d
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Saídas formativas da campaña de outono



proxecto
ríos



Custodia fluvial. Río Gallo, 2013

novembro

l	m	mé	x	v	s	d
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Envío das inspeccións de río do 2020



proxecto
ríos

decembro

l	m	mé	x	v	s	d
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Elaboración Informe Anual do PR
5 Día Internacional do Voluntariado

Calendario 2020

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de educación e voluntariado ambiental promovida por ADEGA que pretende fomentar a participación activa da sociedade na conservación dos ríos. Persoas a título individual, familias, entidades (asociacións culturais e deportivas, de pesca, etc), administracións (consellerías e organismos xestión de augas, concellos, etc), traballan na procura dun obxectivo común: o estudo e a conservación dos ecosistemas fluviais.

Se queres recibir máis información ou tes interese en formar parte do Proxecto Ríos ponte en contacto con nós. (info@proxectorios.org)

Iniciativa:



Promove:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE

Edita:



R/Travesa de Basquiños Nº 9, baixo
15704 Santiago de Compostela. Galiza
Tel/fax: 981 57 00 99 e móbil; 616 23 80 50
www.proxectorios.org